

REXURDIMENTO

2.ª ÉPOCA

ORGÃO DA
I. N. G.

1923

AS GRANDES FIGURAS DO NAZONALISMO

ADAM MICKIEWICZ

NO curazón dos grandes escritores, brila o iridescente pantasma do porvir d'unha nazón", escribía Heine, e comenta Cesare Bragaglia, tradutor de Mickiewicz ao italiano: "no curazón d'Adam Mickiewicz nou brilou outro pantasma qu'o da pátreia; pantasma caro, sostido co sangue mais puro do curazón; coas froles mais bariles dos propios pensamentos, co alento das mais santas e ardentes arelas, co recendo dos soños mais amados".

"Por toda a primeira metade d'iste século (o XIX)—segue o tradutor italiano—todo o que a Polonia tiña de mais belo, de mais santo e de mais forte, compendiábase e persoificábase na persoa d'Adam."

Curazón xeneoso e valente, pensamento ergueito e fondo, Mickiewicz foi o criador do Romanticismo polaco, e o divulgador do misticismo mesiánico da: quela terra asoballada e irredenta.

Naceu Adam Mickiewicz en Zaosie, aldeia perto de Novogrodek (Minsk) o 24 de Nadal do 1798, tres anos despois do terceiro reparto da Polonia. Era fillo d'un abogado e tiña un tío xesuita que estaba de profesor na Universidade de Viena, de xeito que no ano 1815, cando Adam tiña pouco mais de dazaseis anos, mandáronno ond'o seu tío pra que estudara, e alí xa publicou un libro de *Baladas*, e estivo aló ate 1819, qu' o fixeron profesor de lingua polaca no *gymnasium* de Kowno. Enton publicou *Dziady* poema inspirado pol-os seus desgraciados amores coa bela María Wereszczaka, no que canta doo da sua mocedá magoada pol-a traxedia da sua y-alma romántica ferida nos seus sentimentos mais nobres.

A doo pessoal mistúrase despois na sua y-alma coa doo da Pátreia irredenta, e o funeral do seu amor ha ser co tempo, na recensión do libro, o cauto funeral da Polonia. En 1821, en Viena, proclama os dereitos da sua terra oprimida e métese n unha revolta d'estudantes. Enton prendérono e esilárono. Andivo por Crimea e Rusia adiante, e en 1829 pasou a Alemaña, onde visitou a Goethe en Weimar, e despois a Suíza e Italia. Foi un dos *pelengrins* polacos, ós qu'il adicou un libro que chega ó mais fondo da y-alma dos amantes da liberdade:

"A y-alma da nazon polaca son os *pelengrins* polacos."

"E todo polaco en *pelengrinaxe* non é un home errante, porqu' o home errante é un home que vai d'eiquí pr'alá, sen ouxeto."

"Non é un desterrado, porqu' o desterrado é un home botado por decreto do maxistrado, e o Polaco non foi botado polo seu maxistrado."

"E namentras, o Polaco chámase *pelengrin* porque fixo voto de camiñar car'a terra santa, a patria libre. xurou camiñar ate que nona teña atopado..."

E así *pelengrinou* Mickiewicz. En 1830 soupo da revolución polaca, e a sua y-alma tremou d'espranza: pensou qu'a sua pátreia *rexurdira*, qu'iba ser salva, qu'ixoll'oferecer tamen o seu sangue, e marchou

aló, atravesando Europa. Cando chegou a Poseu, o orde reinaba en Varsovia, e Mickiewicz, co curazón atecigado de sombras, deu a volta e foise pra Paris. Enton, en 1832 publicou unha nova edición de *Dziady*. N-esta nova edición o mozo Gustavo, que na parte denantecedente non se laia mais que d'amores, eiquí aparece transformado: na parede do cárcere ond'o metera o infame senador Nicolás Nowosilcow, verdugo dos patriotas lituanos, escribe: *Gustavus obüt, hic natus est Conradus*, e Conrado é o poeta que non sinte mais qu'a Pátreia, e que por ela berra:

"Si, vinganza; vinganza, vinganza contr'os nosos carneiros, vinganza coa axuda de Deus, e aínda a despeito de Deus."

Outro libro, o *Libro da Nazon polaca e dos pelengrins polacos* é un poema bíblico en col da sorte de Polonia. O mesianismo polaco, que viña das ensiñanzas do grande e misterioso sabio Hoene Wronski, latexa xa n-estas páxinas esaltadas, ond'o sentimento cristiao e amor á liberdade abranguen unha espresión a mais intensa, a mais sinxela, a mais ergueita.

En 1834, casou con Celine Szymanowska, filla d'unha pianista célebre. En 1839 ensinou latin en Lausana, mais logo, en 1840, Victor Cousin criou pra-ill o Colexo de Francia a cadeira de Literatura Slava, que ocupou 1844. No Colexo de Francia fixo tres cursos, dos que logo publicou as leccións, e n-elles desenrolou a doutrina mesianista. No primeiro tratou de Os pobos slavs e a Polonia, con certa tendencia panslavista; no segundo de A Polonia e o Mesianismo, e no terceiro de A Eirexa oficial e o Mesías. O mesianismo polaco atópase tamen en Augusto Cieskowski, o discípulo predilecto de Wronski, e nos nosos días, no profesor Luloslawski, esposo da escritora galega Sofía Casanova.

Os cursos de Mickiewicz chamaron moito a atención en París, e iba moita xente a ouvi-lo, mais logo, en 1844 o goberno, pr'impedila propaganda mesianista, suspendeuno, e puxo outro profesor no seu lugar.

En 1848, Adam Mickiewicz foise pra Italia, ond o Papa Pio IX recibeno moi ben, e logo no seu afan de

loita pola liberdade dos Pobos, recrutou unha Lexión polaca pra combaitir a favor dos italianos contra dos austriacos, lexión na qu'il formou, ás órdes do coronel Siodolkowicz, veterano das guerras napoleónicas.

En 1849 principiou a publicar *La Tribune des Peuples*, que logo lle prohibiron. Luis Napoleón fixoo bibliotecario do Arsenal, e en 1855: viudo xa, foi legado de Francia en Turquía, na Guerra de Oriente, pr'organizar unha lexión polaca, mais, enfermou na campaña e foise pra Costantinopla, onde morreu do cólera o 26 de Santos de 1855.

Iste gran loitador que tan fondo sintiu a causa dos pobos asoballados, foi tamen o meirande poeta en lingua slava, e un dos grandes mestres do Romanticismo na Europa.

V. R.



Retrousos d'un petrucio

Agora, no víspera d'eleucióis, tódol-oa políticos se chaman amigos da Galiza e todos se din defensores nosos.

¡Quen non vos conecese, lampantís!

Ora os señoritos das vilas lembrárianse do campo e de nós os labregos, si non tivésemos voto?

Os señoritos, entón, poida que non viñesen á aldeia, senon no vrán c'oa familia. Pro, poida tamén, que o movemento agrario, fose mais temido pol-os Gobiernos d'aquela.

¿Queredes que se resolva o do millo, o dos foros e canto mais intrese á nosa terra, compañeiros labregos?

Pois ouvide o consello de este vello aldeán, c'á-seque sin letras a quen non engayola ninguén.

Pensade que de sermos cidadáns da Inglaterra a sermos escravos da Hespaña vai moito. Pensade que c'oa Inglaterra nin teríamos servizo del Rey, nin falla d'escolas nin falla de camiños. Pensade que c'oa Inglaterra. non teríamos que pagal-o pan tan caro coma o pagamos nin teríamos que vestir á forza con pãnos catalans, nin que mercar inda chaveando ferros de Vizcaya, a outo prezo, e ruis carbós d'Asturias, O inglés abriría mercado pra os nosos gandos, os nosos froitos e as nosas conservas pesqueiras. Enchería de riqueza e de cultura o pais. No político e no económico seríamos un pobo moderno respetado onde queira, con autonomía propia e c'os nosos portos convertidos nos milloriños do Atlántico. Do Estado e de Castela non recibimos deica agora mais que desprezos, aldraxes e esprotacións: coma se fósemos unha colonia de negros indina da comeción que se lles concede ás mais terras da Hespaña. Os galegos non eisistimos hoxe pra mais que pra servizo dos polítecicos de Madrí, pra que nos leven os nosos cartos e os nosos fillos sin proveito pra a terra... Pois si pensades isto e faguedes que se decaten en Madrí de que pensades eisi, axiña conseguiredes pra a nosa Terra o que deica agora non se conseguiu por nos coidaren os casteláns —e con razón— parvos e tontos.

¡Ai, ho! Por si non tivéramos d'abondo c'os Bugallal, os Gasset, os Prieto, etc. ainda moitos parvos villegos queren traquernos un novo señor feudal: o Rodríguez de Viguri.

E novas polítecicas castelás: a do Melquiades, a do Romanones, a do Lerroux.

¡Canta pena me dan istas cousas! O que é a Galiza ten boa disgracia, abofellas...

R.

KIOSCO "ESCOLA MODERNA"

DE SEVERINO ÁLVAREZ

RUA DE SAN ANDRÉS.—CORUÑA

Compreto sortido de obras de socioloxía, filosofía e ciencias.

A cultura como base do Nazonalismo.

Sabido o significado que a verba nazón encerra, non é tan certo o coñecemento que temos do nazonalismo que non ofrezca lugar a discusión.

Nazonalista é menos eispresivo que galego, por canto éste pertence a unha nazón i é naturalmente nazonalista, namentras c'ó nazonalista é conceito mais xeral; é práctica e teoricamente o defensor do nazonalismo, que significa a libre autonomía das nazós, a súa independencia. Chamámonos non embergantes nós nazonalistas para distinguirmos dos que sendo tamen nazonalistas non saben eispresar os seus sentimentos e dos que sabendo non queren sentilo: os primeiros chámaselles e teñen moitos nomes; respecto dos segundos somentes a eles lles cadra a verba "desnaturados" que por extensión emprégana os internacionalistas, mellor dito interestatistas, cando deixa ún ó Estado a que estaba suxeto.

Pode un pasarse a outro Estado e mais non desnaturarse (porque a natureza non é cousa que se troque coma o Estado) e querendo a este darlle un nome será o de desleigado; mais a eses individuos que sendo galegos por natureza non só queren non ó ser, sinón que están conformes con que a súa nazón desapareza pol-a opresión ou antoxo d-outros estados mais fortes, eses non só son desleigados senon que van contra a natureza, son "desnaturados".

Contra estes dóus ha loitar primeiro o nazonalismo —A redución d'estos ha de ser a primeira gloria— Nada iremos adiantando si imos a loitar c'os de fóra téndo o primeiro nemigo na casa.

O primeiro camiño que nos ha levar ó amplo campo do perfeito nazonalismo ha de ser a vía da verdá iluminada pol-o sol da ilustración.

Pode caer un partido, trocarse un réximen; mais non se pode trocar unha nazón a quen a mao de Deus lle dóu un nome dándolle unha língoa, unha fauna, unha flora, unha raza, un clima, que a vez fixeron unhas costumes, unhas tradicións, un arte, unha cultura, que os nazonalistas han de afianzar na concencia dos galegos para conquistar a súa independencia espritoal e e súa liberdade económica.

Luis Cortiñas.

SOBRIÑOS DE JOSE PASTOR

BANQUEIROS

A CORUÑA — VIGO — LUGO — OURENSE
VIVERO

Realizan toda crás d'operaciós de Banca e Cambio.

IMP. DE M. VILLUENDAS.—BETANZOS

CHAMPÁN "GALICIA"

DA RAMALLOSA (VIGO)

l'ódese pôr en competencia
co'as milliores marcas extran-
xeiras,

BAR "ROMA"

Riestra, 16.—PONTEVEDRA

O mais visitado pol-os pontevedreses.

PAQUETERÍA-QUINCALLA

El Gato Negro

PRECIO FIXO

JOSE IGLESIAS MASDIAS

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA

Praza da Constituzón, 2.

FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en
bateiría de cociña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros, 19.—BETANZOS.

OLLADAS FUTURISTAS

A decadenza do castelán

No archipiélago filipino, coma sabedes, dende fai pouco tempo ficou decretada pol-o Goberno dos Estados Unidos a prohibición do emprego do castelao pra as cousas oficiais. En Porto Rico, o castelao, vai tamén de ven-

cida. En Cuba xa loita c'o inglés, o mesmo que en Panamá, en Costa Rica, Santo Domingo e n'outras Repúblicas do Centro América. En Haiti fálase o francés. No Brasil—a nazón máis importante do Novo Mundo, despois dos Estados Unidos—fálase o portugués. Na Arxentina e no Chile non hai intelectual e artista que non seiba o francés, que non fale en francés, antr'os seus, e que non faiga a sua cultura através da Franza.


Os mesmos que empregan o castelán nas Américas pouco a pouco van trocándoo n'un dialeuto. Deica o punto de que xa houbo na Arxentina quenes propuñeron a criación do "idioma nazonal," Coma agora acaba de propórse no Senado de Norteamérica que no adiante á lingua daquel país non se lle chame o inglés, senon a «Lingua norteamericana».

Querse decire que o da estensión dos idiomas é unha cousa relativa e suxeita a continxenzas. E que somente aqueles que repersen-ten valores centíficos, literarios e artísticos (culturaes, n'unha verba) son os que terán vida mais longa e imposición meirande.

O castelao que non repersenta mais que un estado de tránsito—debido a un efeuto histórico, o da Descoberta—e que non leva cultura algunha no seu seo, ten un porvir pouco sorrinte.

A hexemonia norteamericana, por unha banda, a brasileira, por outra, e ainda a cubiza do conqwerimento de mercados que sinten todol-os pobos europeos—razón pol-a que depren- den o castelao pra desbotar o traballo e a industria castelás das Américas—fague- rán que a lingua de Cervantes cada vez se descompoña mais e se estreite mais.

O Galaico-portugués e o inglés van camiño de seren as lingüas da cultura atlántica. Portugal, Galiza e Inglaterra cecais cheguen un día a unha "entente,"



A V Asambreia Nazonalista

No prúximo número falaráse con longura da V asambreia da «Irmandade Nazonalista Galega» que tivo logar na Cruña no salón de actos do Consello Provincial de Fomento, as datas 18 e 19 do mes de Marzal, e na que foi reelegido coma Conselleiro Supremo o honorabre irmao Vicente Risco, cuias ordes e ispiración ha seguir atendendo fielmente «Rexurdimento»

TRIS POEMAS DE EUXENIO MONTES

Noite de San Xuán

Noite de São Xuan
Pra tomal-as ondas vaíse a lua ispir
Un paxaro tolo, Báya de Bentraces,
azana no pico un bico pra tí
Como axita os brazos a fogueira en pena
a pandeira, Baya, coma tí, é morena.
Roxan todas as facianas coros de aturuxos ledos
na fogueira rebuleira estoupa un saco de medos

Noite de San Xuán

Pra tomal-as ondas vaíse a lua ispir
un paxaro tolo, Báya de Bentraces,
azana no pico un bico pra tí

Canta o sol verdecente antre o carballo

Canta o sol verdecente antre o orballo,
uxe e día de inverno rideiro.
Pol-as touzas brucando un atallo
chega a ver ó bo sol cantareiro
As mizoréas de millo tumbadas
na solaná da casa veciñ
foron pórse á mapeira asomadas
noivas do sol que rua na esquiña
Solo a casa da meiga da aldeia
tangareña, tólleita e doante;
pór mais que ben se esforza e renquea
non apaña ó bó sol verdecente.

Romance ó mar.

Que bonito cabelo téis, mar,
quen cho cabelará,
Si será pol a Pascua,
ou pol-a Trindá
aquel que cho cabelare,
bó cabelador s'ra
Os remos daquela borra,
quisérancho cabelar,
A foula escáchase diante,
i-ronsel vai por atrás
A baba da dorna lembra
a baba de un causo can
As trenzas que os remos trezau,
un xi naufrago ha encantar.

(Do libro, xa no prelo, ALALAS)

DIAMANTES AMERICANOS

REAL, 24.-A CRUÑA

A casa máis importante de **ÓPTICA** da Galiza

ENVÍOS CERTIFICADOS A PROVINCIAS

CATÁLOGOS GRATIS A QUEN OS SOLICITE.

Xogos frores EN BETANZOS

Na imprenta de M. Villuendas fono levados ao prelo os traballos premiados nos Xogos frores, orgaizados pol-a antiga Irmandade da Fala de Betanzos, no ano 1918. Os orixinaes recolleitos forman un feituco libriño valorado con fermosas ilustracións.

Eis o texto do citado libro:

Canto a Galicia, accésit por D. Francisco Sánchez García

Reseña hestórica dos moimentos e obras d'arte qu'eisistiron y-eisisten en Betanzos, premio, por D. A. del Castillo, O problema agrario en Betanzos, premio por D. L. Peña Novo.

Influenza da lingua galega na formazón do casteián, premio, por D. Eugenio Carré Aldao.

Eisixenzas ferroviarias da Galiza e a necesidade de resolver este problema, premio, por D. Constante Amor Neveiro

Discurso de Vázquez de Mella.

¡Terra a Nosal! por D. Rodrigo Saiz


Na dita imprenta báchase á venda o prezo de ptas. 150.

Mándase o libriño a quen o solicite, previo o xiro do seu importe mais o gastos de correo

Imprenta de M. Villuendas

Valdoncel, 48 - BETANZOS

FILOSOFÍA LABREGA



—Ora non ves que ben pradica aquel señorito no mitin?

—Vexo, hom, vexo. Pro mira, eu pénsоче que si non tivésemos voto os labregos nas eleucións, os señoritos non virían ó campo mais que vranearen. Señoritos que falan de políteca e de deputados... non son dos meus.



Milleiros de persoas atestiguan que non hai coma o

TOPICO KIRSEM

pra curar radicalmente as durezas e callos dos pés.

Pi ao nas farmacias.

Pol-o ben de vostede, non ademita outro callicida que non sexa o auténtico

TOPICO KIRSEM

REXURDIMENTO dase gratis a quen o solicite na Terra e fora d'ela.

LA MODERNA

GRAN FÁBRICA DE GASEOSAS
E AUGAS DE SELTZ
ELABORACIÓN ESMERADA e HIGIÉNICA
PRECIOS SIN COMPETENCIA

Manuel V. Gómez

CASCAS.—BETANZOS.

MOVIMENTO NAZONALISTA GALEGO

O Nazonalismo quer reivindicar a personalidade e os dereitos da Nación Galega en todos os ordes. Este movemento naceu a mediados do século pasado, na era dita dos Precursores, dos que o mais ilustre foi Rosalía de Castro; foi reducido a corpo de doutrina en 1880 por Alfredo Brañas, e organizado en forma militante en 1916 coa fundación da primeira Irmandade. A primeira Asambreira nazonalista galega foi a de Lugo o ano 1918, na que s'estabeleceu o programa mínimo do Nazonalismo galego. Na IV Asambreira nazonalista, tida en Monforte de Lemos o ano de 1922, ficou fundada a Irmandade Nazonalista Galega.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por fin a formación d'unha forte conciencia nacional galega que nos enxebrice totalmente e que nos leve a conquistar a autonomía integral da Galiza e o mais outo grado de progreso moral e material pra Ela.

A Irmandade Nazonalista Galega ten por xefe un Conselleiro Supremo, asistido de catro Conselleiros e un Segretario Xeneral.

Ten Delegacións na Cruña, Ferrol, Ourense, Santiago, Betanzos, Monforte, Viveiro, Vigo e Bayona, en Madri e mais na Habana.

O seu orgao oficial é o REXURDIMENTO, que se publica en Betanzos. Algús elementos d'ela publican n'Ourense o boletín de cultura galega NOS e a publicación literaria CELTIGA no Ferrol.

Quen desexa informacións tocantes á I. N. G. e ó movemento nazonalista galego, pódese dirixir:

Na CRUÑA a José Calviño, Orzán 33.

No FERROL a Jaime Quintanilla, médico, Rúa de Dolores.

Nº OURENSE a Alfonso V. Monjardín, Progreso, 23.

En SANTIAGO a Victoriano Taibo, Garage Núñez.

En BETANZOS a Paulino Naveira, Pardiñas, 4.

Na Arxentina, a Jose Ares Miramontes, en Rosario de Santa Fé,

En MONFORTE a Benet Fontenla, notario

En VIGO a Valentín Paz Andrade, Avenida Montero.

En BAYONA a José Rodríguez de Vicente, Urzáiz, 11.

En MADRID a Lois Cortón, Blasco de Garay, 50.

Na HABANA a Manuel Blanco Peseual.

En BOS AIRES a Ramiro Isla Couto, Rúa do Brasil, 1.084.

En Muxía, a Gonzalo López Abente.

En PONTEVEDRA a Castelao.

En LUGO, Julio López, Abastecimento d'Augas.

En VIVEIRO, Ramón Villar Ponte

En LIVERPOOL, Joaquín Peña, 71 Belgrave Road.

Estos mesmos señores espallarán gratis exemplares de 'Rexurdimento', a quen os solicite.

GABANZAS DO ENXEIBRE

AS ENCAIXEIRAS

E na costa irta, na fera costa da morte onde late-xan aínda algú corazón celtas. E aló na terra de Bergantiños, berce do bardo, arrulada pol-o mar que brua e pol-os piñeiros que se queixan. É no chán dos cumes aspros e das gandras esquivas. E aló onde a locomotora non trazou inda xamáis a rúbrica do progreso; aló onde os poetas que cantan princesas esvai-das e vicios revivintes co'a morfina que lles da ós sonos aparencias de realidá, non poderían vivire por-que os seus bofes estouparían feitos anacos podres ó aspiraren o primeiro ar san; é aló onde as mulleres galegas sintense artistas.

Ñoramos quen lles donou o arte de que son donas. Elo é que illadas do mundo chegan ó mundo. Elo é que sendo fillas d'un ambiente fosco e d'unha nature-za salvaxe, fan milagres de fiura, primores de soti-leza. O mar ruxente, chega ás penas e fai encaixe. A abella vive no monte e fai mel. Eisi son, sen dúbida, as mulleres da costa irta, da costa da morte.

Nas cruas noites d'invernía, tecen as sotiles pun-tillas brancas, axuntadas en roda; e tintineian os pauños, namentres sonan cántigas. Nos ledos seráns da primaveira, nos belos crepúscolos do vrán, baixo o aloumiño das derradeiras rayolas do sol, formosos nimbos d'ouro vello, mentres o alalá é un meigo en-caixe invisibre que se perde ó lonxe, de curuto en

curuto, encol dos vales verdecentes y-as froidas co-rredoiras, cal tecido pol-as maus da Raza, tamén fan aquelas barudas mulleres os velaiños labores, mezcra de alma, brétema e escuma, que logo andaré a adorna-re os baixos das outas señoras mundanas, mais peri-gosos aínda que os da fera costa da morte.

Coma Mistral cantou ás rapaciñas desfolladoras da súa doce Provenza, nai d'unha «razada solar», can-temos nós ás encaixeiras de Camariñas, sirenas d'un-ha terra baril. Son merecentes d'un belo poema que inda ninguén escribiu

¡Traballade e cantade, homildes tecedoras! Vosou-tras lonxe do mundo, no «fin da terra»; impoñedes, sin as andrómenas da civilización, sin a axuda dos xornás, sin dirección de ningún mestre, unha indus-tria que suma millóns de pesetas ó ano. A vosa in-dustria matriarcal, refrexa as meluras xenias da muller galega, que cando rústeca, fai o que faguedes vós; e cando culta, o que fixo Rosalía.

¡Traballade e cantade! Os piñeiros láianse, brandi-dos pol-o vento, e fangan coma o mar. O mar tolo e fero somella as vosas maus, maus de fadas, artexos d'abellas e artexos d'arañas, tecendo nas penas, almo-hadillas mouras, o branco encaixe das brancas escu-mas... dinas de rimaren co'as sotis do champán...

A. VILLAR PONTE.

¿QUÉREN FICER ECONOMÍAS?
MERQUE NA CASA

ABARRÁTEGUI-BONOME

Pañería, Lanería, Pañolería, Paquete-ría, Camisería, Lencería e demais tecidos.

Sánohes Bregua, 3 (Soportás d'a Praza)



ZAPATERIA DO CANTON

A que máis surtido ten.
A que máis barato vende.
Compre vostede alí.

II. COMERCIO

Ramón G. Pernas

(SUCESSOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines.—BETANZOS Teléfono núm. 18

É a mallor, máis céntrica i-económica da cidade.
Visítana os señores viaxeiros e convenceráanse

Si queredes mercar barato visitade o novo establecemento de

PANOS, TECIDOS E NOVEDADES

R. MONTES

Quatruaves, 2, esquina ós Prateiros, — BETANZOS

PRECIOS FIXOS

CONFITERÍA

— DE —

Constantino Rabade

SOPORTÁS DO CAMPO

Dulces finos. Fanse toda crás d'encárregos.

H. LA CORUNESA

ESMERO I-ECONOMÍA

Valdoncel, 18, BETANZOS

LIBRERIA DE "LINO PÉREZ"

Rua Real, — CORUÑA

Venda de toda crás de xornaes, boletis e re-vistas de Madrid e provincias.

As derradeiras novidades literarias encón-tráanse na librería de Lino Pérez.

LEICION ELOCUENTE

O paso de Lerroux por Galiza

O paso de Lerroux por Galiza, na compañía de Emiliano Iglesias, que non foi precisamente un paso honroso coma o de Don Suero de Quiñones, n'estes momentos preelutoraes, serviu pra nos probare unha vez mais o dito pol-o noso honorabre Xefe no seu artigo "Galiza e os partidos políticos hespañoles,,

O que a nosa Terra pode agardar de tales partidos agora nol-o acaba de amosstrar Lerroux que non se lembrou pra nada dos problemas e os intereses galegos inda vindo, segun din, c'o ouxeto primario de lle dar forza moral á candidatura do Emiliano Iglesias por Pontevedra como base pra o conqwerimento de outros distritos logo n'este disgraciado pais.

A Lerroux ll'interesa a política centralista; a nosa ténlle sen cuidado. Ven, coma os mais, a roubal-os esforzos que precisamos pra nos redimirmos nós a nós mesmos; ven a laborar *pro domo sua*.

E pra que deica os mais parvos poidan decatárense d'ista verdade, copiamos un trecho d'un xornal da Cruña "El Noroeste,, realmente expresivo:

«Lo más notorio, significativo y elocuente de todos los actos celebrados con ocasión de la estancia del señor Lerroux en la Cruña, es que, ni por casualidad, ni incidentalmente, el nombre de Galicia fué pronunciado por el señor Lerroux ni por ninguna de las personas que hicieron uso de la palabra en el banquete de anoche, ni se hizo la menor alusión a ninguno de los problemas que afectan intimamente a la vida de nuestra tierra, ni en suma, la más pequeña emoción cordial de homenaje, cariño y reverencia a lo que Galicia representa, con propia y genuina representación, dentro de la política general, asomó a los labios de quienes se atribuyeron, en esta ocasión, el austero papel de acusadores de un Estado, convicto de crímenes de lesa nación.

Es un olvido que no podemos ni debemos dejar pasar inadvertidos quienes sobre todos los amores, sobre todas las causas y sobre todos los problemas ponemos los problemas, la causa y el amor de nuestra Galicia».

Pois se na Cruña Lerroux e os seus satélites pra maldito a cousa se lembraron da Galiza, en Pontevedra fixeron o mesmo. Pra eles Galiza, inda autuando na Galiza, sinificou unha astraución, unha terra inesistente.

Eisi esprícase que Viturro, o gran cacique gassista, estivera no esceario preto do Lerroux, cando éste falaba. Eisi esprícase que Viturro, déralle alí, aos ollos de todos, unha apreta ó Emiliano, e que, o propio Viturro, berráselle o delegado do Gobernador porque non procedía mais enerxicamente contra dos obreiros que asubiaban e rifaban c'o exemperador do Paralelo. ¡E inda haberá agrarios que confien n'eses republicans!

E xa que falamos da protesta obreira: se non fose pol-os traballadores, o Lerroux pasaría tranquilo por Galiza despois de ter dito no seu famoso discurso de Canarias que os catalanistas, os bizcaitarras e os galeguistas merecían ser tratados coma rifeños.

Lerroux non colleita mais que o que sementou. Erguéase a conta dos obreiros pra logo treiconalos. Engañou enantes e sigue engañando agora.

Gracias ós obreiros non voltará por Galiza. E iso iremos ganando, pois d'este xeito librasenos d'un novo colonizador: do colonizador, cuia primeira plataforma pra subir foi un hespañolismo chinchineiro, oposto, a beneficio dos centralistas, contra das arelas catalanistas.

BALNEARIO DE MONDANIZ

As milliores augas minero-medicinaís bicarbonatais-sódicas da Península.

FILLOS DE PEINADOR, propietarios.

A Fala no ensino

Deica o d'agora non conezco outro caso.

Sabía de quen rifaba ós rapaciños por falaren na lingua que as suas nais amantiñas lles deron co leite dos seus seos maternais, e que iles teñen de cutio nos beizos por non saberen outra.

Sabía que a incultura dos nosos labregos non devén soio da falla d'escolas, senon da "salvaxada pedagóxica,, de quererem darlle o ensino malpocados! n'unha fala que non conecen e, por ende, non poden entenderen, se lle non se da ista clás de conecementos de maneira axeitada ás suas necesidades, por formas pedagóxicas anexas á lingua dos nosos eidos, e que cinco séculos d'esperencia delorosa están pidindo, non a gritos: a berros.

Sabía que as nosas escolas—encol de todas das aldeias—onde os escolantes s'empeñan n'enseñaren o castelao pol-o castelao mesmo, os probes cativiños san d'ilas fartos de labazadas e valdeiros de letras: dicindo *auja* e don *Guanito*: co galego en bárbaro e o castelao en brutiño.

E sabía, tamen, que ista custión, ben recente d'estudo e de sere pensada e moi tida en conta, pr'os mais dos galegos ten menos valore que a saude d'un cacique.

Victoriano Taibo.

ADEMINISTRACIÓN DE REXURDIMENTO

Praza dos Irmaos García Naveira, 22, BETANZOS

Dirixirse a Paulino Naveira.

REXURDIMENTO

2.^a ÉPOCA

ORGAO DA
I. N. G.

1923

O noso nazonalismo económico.

Supoñede que por un fenómeno sísmico-político fican de rrubadas as fronteiras arancelarias da Hspaña, totalmente.

¿Qué tería d'ocurrir? Pois un cataclismo económico, a *debacle* da riqueza na maioría das rexions peninsulares. Algunhas—e non certamente as que hoxe pasan por mais progresivas—cecais soportasen o novo réxime con traballo e desacougo. Pro a única, a única, a única que c'o libre cámbio gañaría de súpeto aumentando en moito seu valor e desenvolvendo de xeito europeo suas industrias, é Galiza,

¿Quén mercaría panos catalans, tendo aberta a porta pr'os ingleses? ¿Quén empregaría carbón d'Asturias, podendo traguelo da Gran Bretaña? Quén solicitaría ferros manufacturados de Vizcaya, séndolle doado importalos dos grandes centros metalúrxicos extranxeiros? ¿Quén pagaría os trigos de Oastela, Aragón, etc., o outro prezo que se pagan sendo libre a entrada pr'os das importantes zonas trigueiras d'Europa e América

Logo que teñades meditado encol d'isto, ollando coa imaxinación feitos cimiterios os portos de Barcelona, Gijón e Bilbao, e trocado en un inmenso barbeito cheio de pirámides de trigo apodrecido a imensa meseta das *casteas*, invítovos a pensar o que namentres ocurriría na Galiza.

As dúas fontes de riqueza principás da nosa terra son a gandeira e a conserveira de peixes. A conserveira, a mais perfeccionada de todas as hespañolas—dixoo Cambó nunha conferencia e dixoo Grandmontagne nun artigo, por si xa non o souperamos d'abondo nos—ten o seu primeiro mercado na Franza, ten bos mercados na Inglaterra, na Arxentina, na Alemaña, nos Estados Unidos, Bélxica, Italia, Filipinas, Cuba, México, etcétera. ¡E na Hespaña cáseque non atopa prazas pol-o outro dreito de consumo que lle impón! Querse decire que é a única industria peninsuar que carece de protección arancelaria e tamén a que c'os seus beneficios chega a maior número de traballadores. Pois si hoxe e eisi ¿que non tería de ser c'oa follalata libre de arancés e sin o receio e a hostilidade dos países extranxeiros contra do proteccionismo hespañol?

Pois c'oa industria gandeira acontece o mesmo. Inda nos —que non somos vellos—lembrámonos de cando os nosos grandes, pagos en ouro, tiñau mercados na Inglaterra e na Franza, mercados que se nos pecharon porque Hspaña ergueu deica límites absurdos as murallas da China arancelarias, favorecedoras das industrias arcaicas das outras rexións, con perxeicio lo presente e futuro da Galiza

Pois sigúide maximando no suposto librecámbeo hespañol, e dicideme ¿qué emperio de progreso e riqueza non tería de ser o campo galego c'o millo. o ceuteo e as tortas forraxeiras desgravadas de arancés, o mesmo que a maquinaria e canto percisan as industrias rurás? Cen millions de pesetas que paga Galiza o ano, pol-o dreito a comere pan—o custe do pan aparte—coma demostrou Rodrigo Sanz no Ateneo de Madri, íntegros ficarían na terra. e na terra ficarían tamén os moitísimos millions que supón o aforro de mercar panos, ferros, carbóns, etc., mais baratos e millóres que os da Hspaña no extranxeiro.

Logo, Galiza, lle non debe—chegándonos á realidade—

mais que aldraxes, atraso, incultura e escravitude a Hespaña; logo, Galiza e a cincenta do absurdo Estado centralista verdugo; logo a nosa terra e a mais rica *naturalmente* de todas as xunguidas á politeca de Castela.

¡Ista, ista resulta a verdadeira bandeira agraria intransitoria. Non hay razón mais deprimida que Galiza no mundo, nin hai na penínsua pobo que teña obriga de erguer un féro e rexio nazonalismo, con tanta lóxica coma nos, Por dinidade por egoísmo e por humanidade

Pois inda podese decir mais. Temos tres portos d'emigración no Atlántico: Vigo, Villagarcía, Cruña. ¿Non supón isto riqueza? Temos minas de ferro que proporcionan mineiral pro extranxeiro, posto que, sendo fosforoso, non pode ser beneficiado nos atrasados outos fornos ibéricos. E na Alemaña e outros logares, aproveitanlle amen do ferro, o fósforo pra abonos químicos. Temos a fautoría naval millor e a que mais traballa da Península, a do Ferrol. Temos balnearios de sona europea, en conxunto de maior importancia que os das outras rexións. Temos a mais fermosa paisaxe da Hespaña e unha riqueza artístico-arquitentónica, notabre (base dunha grande explotación do turismo). Temos os ríos mais axeitados pra o desenvolvo das piscifactorías. Temos canta hulla branca nos pete, pra nos librare coma fixo Italia, de pagar ao extranxeiro un fondo tributo en carbóns pra industrias motrices. Temos terreos d'abondo pra repoboacións forastaes—inda c'o descuidados que andamos n'isto, somos a esportar mais madeira que ningunha outra terra hespañola—Temos derradeiramente, moitas leiras que producen dúas e mais colleitas o ano. Temos cultivos que renden coma nos países mais adiantados da Europa. Con isto e cos cartos que veñen d'América ¿Galiza pódese chamar terra probe?

Cáseque todas as riquezas que teu Galiza, son riquezas *naturais*. Riquezas que non percisan do Arancel pra se imporen, sinon que xurden pesi a canto o Arancel, *sempre antigalego*, fai pol-as matare.

Pol-o demais o algodón e a lán, especialmente o algodón, é primeira materia que se non da na Península e que, mañán, pol-o mesmo, a causa da decadencia do Mediterráneo e o xurdimento da vida atlántica, con maior razón que na Cataluña podería manufacturarse na Galiza; como as industrias do libro pra América e outras, eiqui acharíanse millor emplazados que no centro o no Nordeste. A fábrica de tecidos da Cruña e a de lenzos de Jubia, amén d'algunhas mais, son xermolos indicadores d'isa posibilidade.

E dito o dito ¿quen dubida xa de que a nosa Terra acocha n'ela os xermes todos d'unha rica e plena razón, con lingua propia con persoalidade propia e con propia economía, que somentes agarda pra sélo o pulo consente da vountade co-leitiva?

Por iso o pleito do millo é un pleito nazonalista. e mentres eisi se non pranteo, nada práuteo hemos conseguir. Porque encol d'un continuo gravar e desgravar, a capricho dos ministros de Fomento, aquel cereal, ningunha industria agro-pecuaria sólida poderá desenvolverse

¡Si Cataluña e Euzkadi tivesen as nosas armas!...